## □ CARTAS AL DIRECTOR




**"A Real Banda de Gaitas desperta a polémica".**

# Perigo de extinción para a gaita galega

Hai tempo que estoy tentado de escribirlle a propósito da gran polémica actual sobre a gaita en Galicia, pero o que me motiva finalmente a facelo son as cartas publicadas últimamente en diversos medios de comunicación, manifestacións certamente preocupantes e inconcebibles para o punto de vista dun estudioso do folclore musical como é o meu caso.

Que quede craro o meu desconcerto de que persoas que deberan ter un mínimo nivel intelectual se atrevan a chamar ignorantes a xente que non opina coma eles.(eu son un dos ignorantes), e a presumir de "profundas investigacións" e estudios que lamentablemente non teñen título concreto nin editorial coñecida.

Quixera polo de agora ter a oportunidade de compartir algunhas ideas que parten dun profesional da Música de Gaita Galega que sinte a obriga de expoñe-las súas reflexións ante a proliferación de plantexamentos tan graves como gratuitos:

1.– Vivimos nun pais teóricamente libre, polo que manifestacións culturais diversas, incluso como as da Real Banda poden ser lexítimas dende o respeto ás libertades individuais.

2.– *É incuestionable que* as agrupacións de Bandas de Gaitas do tipo da Real Banda.

*Non utilizan percusión galega*, nin na morfoloxía externa dos instrumentos, nin nos ritmos musicais que se lle aplican as pezas, nin no xeito e técnica de execución, nin por suposto no sonido final resultante, craramente pertencente a outro tipo de culturas e músicas:

*Non utilizan vestimenta representativa de Galicia*, xa que está craro que ninguén que se chame galego identifica o que ve coa súa cultura, pero sí con outras. Arguméntase que as saias e demais son propias da nosa tradición porque hay unha base iconográfica que o demostra, o único que se demostra neste punto e que as profundas investigacións que se nos quere vender non están feitas por profundos investigadores, xa que é un axioma básico no estudio da iconografía musical é non xeneralizar dun caso particular, iso sabeno ben os especialistas no tema, non os falsos investigadores.

*Non utilizan estéticas inspiradas na tradición galega, nin orixinais, senón inspiradas noutras culturas de corte militar tanto no xeito de formar e desfilar, como de tocar, como de coller os instrumentos, inicios e finais das pezas...*

*Introducen repertorio non galego* de xeito maioritario e progresivo: solos de percusión militar, Escalas musicais foránea... en perxuicio do rico repertorio galego e incluso das composicións de autores galegos.

*Desnaturalizan o pouco repertorio galego que tocan*, xa que lle aplican ritmos, percusións e ornamentacións melódicas diferentes as galegas sistemáticamente. En síntese: nin o que sona, nin o que se escoita, nin o que se ve é representativo da tradición musical galega, nin se inspira nela: Non se pode considerar unha evolución, xa que tristemente só consiste nunha fotocopia doutra cultura, é polo tanto unha mutación (ou colonización) cultural que nada interesante aporta a cultura mundial nin por suposto a galega.

*O verdadeiramente grave* é que todo isto estase a facer coa excusa de que se potencia a música galega, a costa dos propios galegos, enganando (o meu parecer) a moitos que de boa fé pensaban que era certo. O verdadeiramente grave é que este tipo de agrupacións sexan a representación de Galicia actualmente. O verdadeiramente grave é que o esforzo presupuestario que fan os entes públicos correspondentes pola cultura galega estean a engordar esta paradoxa cultural. O verdadeiramente grave e que esta situación se manteña moito tempo máis. O verdadeiramente grave e que non se dé un contrapeso nas mesmas condicións á cultura tradicional,...

Pero a cuestión é se debemos respectar, permitir sen máis esta manifestación cultural ou danse circunstancias que obrigan o mundo tradicional galego a unha defensa propia: Por qué están algúns colectivos de Gaiteiros tan preocupados polo tema.

Algúns puntos poden ser os seguintes:

1.– O desenvolvemento deste fenómeno pon en perigo a corto prazo a propia existencia da cultura tradicional galega: Deixanse de construir instrumentos de percusión e gaitas galegas, deixase de tocar repertorio galego coa estilística propia nosa. E dicir, o que se fai non é ademais de. senon en lugar de (plántanse eucaliptos onde antes había carballos).

2.– Estáse a perde-la oportunidade histórica de que en Galicia teñamos unhas bandas de gaitas orixinais (explotables e interesantes culturalmente). coa nosa propia idiosincrasia e partindo dos elementos que o rico folclore musical existente nos aporta.

3.– Estánse a promover esquemas musicais doutras culturas alleas a nosa:

Militarización dos gaiteiros, instrumentos de percusión que ahora hai que importar, pérdida da identidade estética e sonora do gaiteiro galego.

4.– Estánse a suplantar os instrumentos propios por outros importados ou fotocopiados: gaita, percusión...

5.– Estáse cada vez máis e progresivamente a interpretar repertorio foráneo, pérdese pouco a pouco a identidade cultural (regálaselle a Infanta Elena co nome de Muiñeira unha peza musical que non pode selo nin polo seu esquema tonal, nin polo seu esquema melódico, nin polo seu esquema armónico).

6.– Extensión preocupante do fenómeno a outras provincias como Pontevedra, onde xa nunha parroquia de Vigo e noutra de Mos danse agrupacións deste tipo. Ante esta preocupante situación algunha proposta:

1.– Animar a que a Real Banda de Gaitas e agrupacións semellantes a que poidan seguir a sua libre e lexítima manifestación cultural dentro do contexto democrático no que estamos.

2.– Animar a Real Banda e agrupacións semellantes a que no futuro soliciten ser subvencionadas polo Governo do Reino Unido xa que están a promocionar dun xeito notorio a Cultura daquel país en Galicia e levando un traballo de colonización cultural moi evidente en favor dela.

4.– Animar a Real Banda e agrupacións semellantes a que cedan as axudas que ata agora recibía en Galicia, coa finalidade de fomentar o folclore musical galego dentro e fora do noso país, creando, por exemplo, escolas ou Conservatorios de Música tradicional galega.

Por último quixera apoiar os plantexamentos pacíficos e informativos que a Asociación de Gaiteiros Galegos e outros colectivos están a facer, dende a miña opinión sen intención política algunha, pero co sentimento de persoas que se sinten agredidas e indefensas ante o desenvolvemento deste cancro cultural do que somos víctima actualmente no folclore musical galego.

Quero rematar confiando en que a boa política que se fai no noso país noutros ámbitos chegue tamén a cultura tradicional galega cun plantexamento global no que non teñan cabida iluminados e falsos investigadores, polo de agora esta é unha asignatura pendente. Polo de agora a gaita galega é unha especie en perigo de extinción.

**Xaime Estévez Vila (Mestre de Gaita, Profesor Superior de Musicoloxía RCSMM) (Vigo).**

# LA GUERRA DE LAS GAITAS

## EL MUNDO DE LA MÚSICA POPULAR GALLEGA ESTÁ DIVIDIDO ENTRE LOS PARTIDARIOS DE CONSERVAR PURA LA TRADICIÓN INSTRUMENTAL Y LOS QUE ENSAYAN MODELOS FORÁNEOS, MÁS ESPECTACULARES Y VISTOSOS

J. R. ALONSO DE LA TORRE

Manuel Fraga dijo de ellos que eran unos bromistas. Los políticos orensanos los tildan de radicales exacerbados. Pero vayamos por partes. Todo comenzó por un quítame allá esas gaitas durante las pasadas fiestas del Albariño en Cambados y siguió con lucería de silbidos y fragor de gritos en el estadio de Balaídos. El desenlace se desconoce porque esto es una guerra... la guerra de las gaitas, que enfrenta a dos bandos de músicos: los gaiteiros gallegos tradicionales, que serían los bromistas radicales exacerbados, y la facción orensano-escocesa, patrocinada por la Diputación de Orense, con ramificaciones en Televisión de Galicia y en fase de expansión por toda Galicia.

Hasta finales de los años 70, los gaiteiros gallegos se juntaban de cuatro en cuatro o iban de solistas. Hace unos 15 años, empezaron a proliferar las bandas. Era una moda importada de Escocia que daba salida a la hiperabundancia de músicos tradicionales y consistía en reunir una decena de gaitas, tres o cuatro tambores, dos bombos y panderetas, charrascos, etcétera. La clave de este formato foráneo estribaba en seguir interpretando música con sabor gallego, vestidos de gallegos y con instrumentos propios de Galicia. Pero no todos siguieron ese camino.

La Real Banda de Gaitas de la Diputación de Orense, dirigida por Lois Foxo, prefirió innovar y, amparándose en documentos y vestigios diversos, introdujo novedades llamativas en la tradición: gaitas de tres roncos verticales, faldas escocesas cubriendo las piernas de los músicos, percusión de plástico y metal, sabor militar escocés, espectacularidad malabar en los percusionistas...

La labor pedagógica de la Real Banda se extendió por toda la provincia y el estilo escocés ha acabado por triunfar entre las formaciones musicales orensanas. Es más, en muchas partes de Galicia se ha acabado adoptando la percusión escocesa, también llamada americana. Son tambores de plástico y metal en lugar de los tradicionales gallegos de madera y piel que, por cierto, salen más baratos que los americanos.

El resultado final es la presencia de dos ejércitos bien diferenciados. A un lado los gaiteiros tradicionales vistiendo chaleco, monteira, faja oscura y polainas. Al otro, los gaiteiros orensano-escoceses con la chaqueta azul marino de vestir y la falda escocesa de cuadros. Los tradicionales van armados con sus gaitas de un ronco saliendo sobre del hombro y dos roncos laterales optativos y su percusión de madera y parche de piel, los *escoceses* con sus gaitas de tres roncos verticales sobresaliendo por encima del hombro y su percusión de plástico y metal. Y empezó la guerra. La Asociación de Gaiteiros de Galicia, que cuenta con 340 asociados, expulsó de su seno a Lois Foxo, director de la Real Banda. Y el primer fin de semana del pasado mes de agosto, la banda de la Diputación orensana vino a tocar a las fiestas del Albariño de Cambados. En medio de las máximas autoridades de Galicia y de un inmenso gentío, coincidieron los dos ejércitos: una veintena de gaiteiros tradicionales, vestidos a la usanza de siempre, se presentaron de improviso en la fiesta y empezaron a repartir unos folletos en los que se podían leer cuatro preguntas insidiosas. Una: *¿De verdade lles parecen gaiteiros galegos?*. Dos: *¿De verdade lles soa a galego?*. Tres: *Viron algunha vez un gaiteiro galego con tres roncos verticais, percusión escocesa e cara de militar».*

Y es que los gaiteiros tradicionales aducen que los orensano-escoceses tocan sus piezas con aire militar, al estilo de los gaiteros de Escocia, que iban delante de la tropa, tocando la gaita y guiando el ataque. Mientras que el gaiteiro gallego tenía la función de animar las fiestas y su música era más melódica y mimosa.

> LA REAL BANDA DE GAITAS DE LA DIPUTACIÓN DE ORENSE PREFIRIÓ INNOVAR E INTRODUJO NOVEDADES LLAMATIVAS EN LA TRADICIÓN.

Pero quedaba la cuarta pregunta del folleto, la que más pupa hizo: *¿Non é triste que desde organismos oficiais se apoien e sufraguen este tipo de bandas que nada teñen que ver coa música e a cultura galegas?*. Al leer el folleto, las autoridades reaccionaron de diferente manera. Manuel Fraga se lo tomó con deportividad y dijo que eran unos bromistas, pero otros los relacionaron inmediatamente con los manejos políticos y más concretamente con el Bloque, Desconocían un dato: el BNG votó en Orense a favor de la creación de la Real Banda de Gaitas. A los pocos días, el director de la Real Banda, Xosé Lois Foxo, enviaba un comunicado a la prensa en el que defendía a su formación de las acusaciones. Aseguraba que su repertorio está abierto a medio centenar de culturas diferentes, «aunque el 95% es música gallega», afirmaba.

Argumentaba además que la Real Banda se había remontado 600 años en el pasado de la tradición gallega para la elección de sus trajes, lo que explica el predominio de los colores azul y blanco, en lugar del intenso colorido que se implantó en Europa en el siglo XVII y que heredan los grupos folclóricos. Defendía las gaitas de su banda y la percusión basándose en que las bandas de gaitas son un fenómeno reciente en Galicia que no tiene ni debe seguir el camino de las agrupaciones que Foxo llama típicas.

Los defensores de la Real Banda tienen más argumentos para justificar, por ejemplo, sus trajes. En concreto, el hallazgo de un grabado en la catedral de Tui de un gaitero con falda. O la presencia de una miniatura de una gaita con tres roncos en las Cantigas de Alfonso X el Sabio.



• Gaitas de tres roncos verticales, faldas escocesas cubriendo las piernas de los músicos, percusión de plástico y metal, sabor militar escocés, espectacularidad malabar en los percusionistas son algunas características de la agrupación orensana

Magoia Bodega, una gaiteira tradicional que toca en el grupo vigués Muxicas y es miembro de la Asociación de Gaiteiros Galegos, contraataca matizando que existen serias dudas sobre el rigor histórico del gaiteiro con falda de la catedral tudense. En cuanto a la gaita de las Cantigas, dice que, según los estudiosos, en este libro trabajaron dos miniaturistas muy realistas y otro que creaba y que debió de ser el que dibujó la gaita por una razón: «Es imposible técnicamente que la gaita de la miniatura suene».

Pablo Nogueira, también de la Asociación de Gaiteiros Galegos y componente del grupo de gaitas de las Rías Baixas, Treixadura, que prepara su primer disco, cree que lo malo de la Real Banda y similares es que, por un complejo de inferioridad, creen que es mejor lo de fuera y, aunque toquen música gallega, lo hacen con sabor escocés.

«Reconozco que pueden resultar muy espectaculares, pero lo que no se puede hacer es destinar al fomento de ese tipo de música ajena a Galicia un dinero público que teóricamente debería dedicarse a impulsar la cultura propia de Galicia», opina Pablo.

Otro importante frente de batalla en la guerra de las gaitas pasa por la TVG. La televisión pública de Galicia organiza un concurso de grupos de gaitas, corales y bandas que se llama «Con música propia».

Ya en la presentación del programa se ve por dónde van los tiros: mientras suena música de banda de gaitas con aires escoceses, se pasan unas imágenes en las que se ve a percusionistas haciendo malabarismos con mazas y palillos, al mejor estilo de la más respetada banda de Glasgow.

La Asociación de Gaiteiros solicitó que se modificaran las bases del concurso y que se exigiera que los grupos de gaitas participantes tocaran instrumentos que mantuvieran la raíz gallega. Así se hizo, pero han pasado los días y los programas y los gaiteiros han constatado que las bases no se cumplen: los grupos tocan con percusión americana de plástico y metal.

Ante tal situación, los miembros de la Asociación de Gaiteiros que formaban parte del jurado del concurso se han dado de baja. Es más, piensan denunciar el fallo del concurso televisivo ante los tribunales si gana un grupo que no emplee percusión gallega como exigen las bases. Lo más lógico es que esto sea lo que suceda puesto que los grupos tradicionales se han retirado del concurso. Así es que ya tenemos un nuevo frente abierto en la guerra de las gaitas.

Como la batalla se presenta encarnizada y de final incierto, los contendientes tradicionales se han organizado formando el Colectivo de Gaiteiros Galegos con Conciencia. Han repetido la acción de Cambados en Mondariz, Bandeira, Candeán y la última y más sonada en el estadio vigués de Balaídos con motivo del partido Celta-Compostela. Repartieron 12.000 folletos fuera del estadio y el resultado de la acción se reflejaba en la crónica de la reportera de La Voz: «Un amplio sector de la afición dejó claro que prefiere el enxebrismo de los gaiteiros tradicionales». La Real Banda fue pitada y se escuchó el grito de: «Non os queremos non son galegos».

Ha sido la última escaramuza de la guerra. Mientras, en los cuarteles, sigue la batalla de los argumentos. En Orense se ratifican en la galleguidad del 95 % del repertorio de la Real Banda. Desde las posiciones tradicionales, ironizan: «Poco gallega puede ser una muiñeira si suena a himno de guerra escocés»... Y todo comenzó por una gaita.

## Gaita Modal

Lim com extremada ledicia a carta que um tal Angus Wilson publicou no Nº 690 de ANT. Lim com ledicia porque já era hora de que alguem puxesse as cousas no seu sítio a respeito dessa falácia da "escocesización" da nossa terra que o "sabelotodo" Xosé Luis Méndez Ferrín e os autodenominados "gaiteiros cabreados" nos tentam fazer crer.

De todos os jeitos, quero-lhe dizer ao escocês Wilson que som mais as cousas comúns que achegam ás nossas gaitas que as que nos diferénciam. As causas que ao longo deste século concluirom na actual gaita galega nom som outras que o froito do colonialismo espanhol. Primeiro: a perda de interesse pola música popular adaptando a gaita a instrumentos como o clarinete ou o saxofone nas Murgas e Charangas, perdendo o seu carácter modal para assim tocar melhor os "pasodobles" espanhois. Segundo" a conversom da gaita e o gaiteiro em instrumentos do folclorismo franquista, máxima expressom da castraçom dumha sociedade para convertê-la em relíquia de turistas, sem posibilidade de evoluçom; cuja apresentaçom palpável foi a formaçom de duas gaitas, bombo e tamboril (a mais da pandeireta) co traje negro e vermelho, as cores da bandeira falangista.

**As causas que ao longo deste século concluirom na actual gaita nom som outras que o froito do colonialismo espanhol**

Eu mesmo, que comezei a tocar a gaita galega (como actualmente a conhecemos) tratei de dar cumha gaita que fosse a que históricamente podemos considerar como própria, é dizer, aquela que mantem as características da música popular, isto é, a modalidade e a afinaçom segundo a escala natural nom temperada (a escala temperada é umha evoluçom própria da música clássica, devida ao grande desenvolvimento e preponderáncia dos instrumentos de teclado desde o Barroco), e que ao mesmo tempo estivesse acorde coas esixências que planea a música moderna. Mas olho: sem perder o seu carácter próprio, históricamente de seu, que foi o que esqueceu a actual gaita desnaturalizada polo seu contacto com instrumentos modernos com já dixem.

E paresce que istas questiôns tam cruciais para a nossa identidade estam totalmente esquencidas polos "sábios" de gaita na Galiza.

Puidem fazer-me, á fim, cumha gaita "modal" (desde agora assim denominarei a ista gaita histórica), evidentemente galega. O mais triste foi que tiverom que a construir na Escócia. Aló, o constructor dixo-me que existia umha gaita mui semelhante á que eu lhe describira e pretendia. Ista gaita non é outra que a Highland Bagpipe. É triste que para conseguer umha gaita galega "modal" tenha-se um que ir a Escócia. Os melhores constructores de gaita galega estam aló actualmente, o cal o podemos considerar como umha circunstáncia mais deste cruento capitalismo que nos domina. Polo tanto, coincido coas raçons que A. Wilson dá para estabelecer as diferéncias que os diferentes graos de desenvolvimento dos nossos países provoca na gaita e na sua música. Mais ainda seria mais penoso que os melhores constructores de gaita galega estivessem na Andalucia, umha regiom de tradiçom latino-islámica que nada tem que ver com nós. Por isso mesmo nom nos deve entristecer tanto que sejam os escoceses quem melhor construam as gaitas galegas, a fim de contas todos somos celtas, ou nom?

A nível musical, somentes cando reconhezamos os nossos erros, mesmamente históricos como a gaita actual, poderemo-nos considerar como umha naçom liberada. Porque em nós está o progresso e em questiôns musicais muito nos queda por progressar, e também por eliminar: cancros como esses dos gaiteiros cabreados, sintoma do espanholismo profundo,que nos invade.

Para rematar, gostaria que o sr. Ferrín reflectisse um pouco mais do seu integrismo galaico e antiescocês na sua própria pessoa e deixasse de compomher "Sirventês pola destruiçom de Occitánia", e destruisse outros perjuizos; assim como deixasse de colonizar-nos com alusôns artúricas que como celtas que som, e também escocesas, paresce que nom pertencem á nossa "Galicia querida" Lembra-lhe, sr. Ferrín, a algo isto: "Brais e outras históriar", "Amor de Roi", "Dubra esmeraldina"? Nunca é tarde de mais para adeprender.♦

MARCOS BLANCO
(TEIS-VIGO)

A NOSA TERRA
28 de setembro de 1995

## Gaitas celtas

En datas pasadas puido leer todo mundo que quixo, uns comentarios sobre un partido de fútbol que xogou o Celta, e no que tamén fixo a súa presencia a Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, e que, ó parecer dirixe un señor chamado Xosé Lois Foxo. Estou totalmente dacordo cos comentarios que sobre a mesma fixo unha señorita que eu coñezo xa desde fai moito tempo, e que é unha gran artista, e tamén unha gran gaiteira, quizais a mellor que teñamos en Galicia, e ademais estou seguro de que ela fixo o seu comentario con pleno coñecemento de causa.Tivo os seus detractores no seu momento, isto sempre ocorre nesta clase de casos, pero ela supo replicalos adecuadamente no seu momento, e sempre con respeto e educación, cousa que asemesmo moito a honra.

Como músico que eu son titulado en varias especialidades instrumentísticas, e sendo unha delas a de "Gaita galega", pero que non a toco nin moito menos mellor que a devandita señorita a quen antes fixen referencia, e que se chama Magoia Bodega Pérez, hei de repetir que me identifico totalmente coas súas apreciacións sobre a devandita Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, financiada con diñeiro público, a que, e porque lle gusta ao seu director as formas ou estilos irlandeses ou escoceses, trata de imprimirllos os seus alumnos para querer así demostrar o seu protagonismo con esa clase de estilos extranxeiros, e que nada teñen que ver coa verdadeira música do noso folclore galego, utilizando gaitas de descarado estilo e carácter escocés ou irlandés, con varios tubos de roncóns e vera oblicua ou vertical, e tamén é significativo o adestramento que trata de imprimirlle ós tamborileiros e bombeiros tanto masculinos coma femininos, con unha clase de mazas inadecuadas totalmente para o que é ou sería o noso folclore galego, aparte a maneira de carácter bufonístico que han de utilizar para facelos sonar, que pode ser moi doado en Irlanda ou en Escocia, pero non eiquí na nosa terra galega. Outro tanto ocorre coas súas vestimentas, faldas tanto para os varóns coma para as mulleres, e así un sinfín de cousas que nada teñen que ver cos nosos costumes e tradicións, e que o único que tratan é de desconcertar e confundir a xente coa propia opinión que ésta poida ter da nosa reigambre galega, que é moi distinta a que o seu devandito director trata de promulgar moi erróneamente. ¡É unha grandísima pena!

■ **Ramón González e González. Vigo.**

FARO DE VIGO
4 de outubro de 1995

# Non só é cuestión de gaitas

Escrebo esta carta ao rematar de ler a titulada "Gaitas de aquí e acolá" firmada por Angus Wilson, publicada no nº 690 d'*A Nosa Terra.*

Sobor de todo pola frase na que di textualmente "Por favor deixade a gaita escocesa na sua terra e non tratedes de vender como escocés o que non o é". Precisamente nestes momentos eu digo, que deixen a nosa gaita e a nosa percusión como estaban, e que non traten de vendermos por galego algo que non o é.

Pois, ben non está demais aclarar que efectivamente as gaitas da "Real Banda de Gaitas" da Deputación de Ourense non son escocesas de momento, mais tampouco son galegas, a sua percusión non é galega, son tambores de marca "Premier", utilizados nas bandas escocesas. Agora ben se esta banda non é escocesa, o que é innegábel é que o seu estilo, vestimenta (saias) e filosofia ten moito que ver coas bandas de gaitas escocesas, xa que ao que máis enfase lle dan é ao carácter militarizado que ten, o mesmo que as bandas da Escócia.

Quero deixar claro que eu non teño nada en contra do país escocés, nen da sua gaita, nen da sua cultura, e mesmo atreveríame a dicer, que tampouco nengun músico tradicional galego, agora ben tampouco quero que pase neste país o que pasou na Bretaña despois da II guerra mundial onde estivo o exército inglés e introduciuse neste país a formación de banda de gaitas escocesas, á cal os bretóns lle xuntaron a bombarda, que deu lugar ás actuais bandas na Bretaña, e puxose así en perigo de extinción a sua gaita autóctona, e grácias á que hai uns cantos anos deulles a uns bretóns por traballar na sua recuperación, senón na Bretaña a única gaita que existiria sería a escocesa. Da feito na Galiza xa hai bandas con gaitas escocesas, en Vigo concretamente hai unha que se chama "Askaulós" que por certo foron aceptados no "I Certamen galego de bandas e grupos de gaitas" organizado pola Consellería de Cultura e que proximamente teremos ocasión de ver no programa de TVG, "Con música propia".

A min desde logo non me gustaría nada que iso ocorrese aquí; e ese é o camiño que se leva, xa que na actualidade esa escola ten milleiros de alumnos, rapaces novos que están recibindo unha educación e información sesgada e que non ten nada que ver coa nosa cultura nen coa nosa história, e ainda por riba seguro que os encirran en contra dos gaiteiros tradicionais, dicíndolles que son uns extremistas, culturalmente humildes e aferrados ao pasado.

Se faläsemos da percusión polo miudo case teriamos para un libro, pero como quero tocar de todo un pouco, só vou dicer que utilizan directamente tambores empregados polas bandas escocesas e tocan do mesmo xeito marcial que eles. É mais, os mestres destas bandas adicanlle o mesmo tempo, cando non mais, a ensinar a desfilar aos rapaces que a tocar. Xa non vou dicer máis nada sobor desta banda en concreto, somentes pontualizar que non é ela a única, senón toda a rede que montou a Deputación de Ourense e alguns seguidores desta noutras provincias co que están a traicionar o seu pasado e hipotecando o seu futuro.

Por desgrácia para min non coñezo polo miudo a cultura tradicional escocesa, pois o único que chega a nós como tradicional escocés son as bandas de gaitas, que teño entendido que a maioria son militares, ou polo menos eu as que vin si tiñan aire marcial, supoño que non todo o mundo da gaita en Escócia, será somentes eso, tamen haberá gaiteiros que fagan romerías, bailes e ruadas, o mesmo que facemos os gaiteiros galegos, sen desfilar, senón bailando. Se isto non fose así (desde logo á Galiza, que eu saiba nunca veu unha formación escocesa dese estilo) o que se di de que os escoceses nos levan clara aventaxe no mundo da gaita, paréceme absurdo, por un lado que a estas alturas se ande a comparar a gaita de aquí é mellor que a de acolá, e polo outro que en lugar de bailar ao son da gaita se desfile.

> As gaitas da "Real Banda de Gaitas" da Deputación de Ourense non son escocesas de momento, mais tampouco son galegas

A música de gaita galega e escocesa teñen as características comuns que poderian ter, calquera das duas, co resto de músicas e gaitas que hai no mundo inteiro, e non coido interesante que se "sumen na riqueza cultural do mundo celta" xa que o "mundo celta" polo menos en Galiza no que respecta a música non é mais que un apelativo de mercado e un estilo concreto, no xeito facer música, con influéncias saxonas que é a que nestes intres domina o mercado e a indústria a todos os niveis.

Penso que non se involucra a Escócia directamente no problema, xa que está claro que en toda esta polémica en nengun momento se dixo que a culpa é dos escoceses, senón que quedou claro que a culpa téñena alguns galegos que están a servir de correbeirins, dos nosos governantes, que teñen o bandullo na Galiza e a cabeza en Madrid, e que toda a planificación e programación cultural que fan é para tentar suplantar e logo matar calquera manifestación cultural que non sexa oficial, gran espectáculo de masa ou pedise o favor que logo debe pagar con creces ao político de turno.

A min o que mais me doe como músico tradicional e ver como compañeiros gaiteiros, percusionistas, etc, que mamaron da fonte tradicional, e coñecen a nosa história musical estean a traicionar non só a gaita, nen a música, senón que están ferindo de morte o conxunto da cultura galega e polo tanto a Galiza. Xa non só con non manifestar publicamente que nos fagan tragar algo como tradicional cando non o é, senón que mesmo se fan cómplices e defensores desta aldraxe, nalgun caso por intereses económicos, noutros por cuestións de arrimarse aos grandes, noutros por cuestión de marketing. O que eu penso sinceramente que son uns acomplexados e teñen un sentir de inferioridade que non lles permite mirar de frente e coa cabeza alta para calquer outro.

Por iso escomenzo decindo que "non somentes e cuestión de gaitas", isto non é unha liorta de gaiteiros, é un problema cultural sério que non só afecta aos gaiteiros senón que afecta a toda a xente de ben que ten este pais e que traballa dun xeito ou doutro por liberar Galiza dos malnacidos que levan séculos asoballando nela.

